



CONCURSO DA CONSTITUCIÓN XL EDICIÓN CONVOCATORIA 2024

A Subdelegación do Goberno en Ourense convoca o concurso sobre a Constitución española conmemorando o seu 46 aniversario de vixencia.

*Nesta edición os traballos versarán sobre o, **Artigo 47. [Vivenda] Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para que se impida a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que nazan da acción urbanística dos entes públicos.***

No concurso poderán participar as mozas e mozos de todos os niveis educativos: infantil e primaria, ensino secundario obrigatorio, bacharelato, ciclos de formación profesional e estudantes universitarios.

PARTICIPACIÓN E MODALIDADES

1º.- O alumnado de educación infantil e primaria e de educación especial presentarán un debuxo ou traballo artístico elaborado nun folio ou cartolina branca de tamaño A4.

Baixo o debuxo, deberá aparecer a palabra ou frase que o inspirou, relacionada ca temática desta edición.

2º.- Para o alumnado de ensino secundario obrigatorio, bacharelato, formación profesional e estudantes universitarios o traballo a presentar poderá consistir:

- Ou ben nunha fotografía orixinal tomada por elas/eles mesmos inserida nun folio ou documento, baixo a cal figurará o título e un breve relatorio da imaxe e o seu significado enmarcado dentro do **artigo 47**, lema deste concurso.



- Ou ben un vídeo de non máis de un minuto de duración, onde se presente un pequeno proxecto sobre o dereito a vivenda e o seu significado.

ENTREGA DOS TRABALLOS

Alumnado de educación infantil e primaria ou educación especial:

Figurará no reverso do traballo o nome do estudante, colexio e curso, idade e teléfonos de contacto.

Introducir nun sobre e facelo chegar á Subdelegación do Goberno, Parque San Lázaro, 1, 32003 Ourense, en man ou por correo postal, figurando no sobre “Concurso Constitución”. **Os do mesmo centro poderán vir nun mesmo sobre.**

Alumnado de ESO, bacharelato, formación profesional, educación universitaria:

Enviar ao seguinte enderezo electrónico: constitucion.ourense@correo.gob.es

Asunto: traballo concurso constitución

Corpo da mensaxe: nome e apelidos da/o alumna/o
centro educativo
curso
teléfonos de contacto

En arquivo adxunto:

- Fotografía: En arquivo formato .pdf ou .docx, documento vertical ou horizontal coa foto inserida.
- Vídeo: en arquivo .zip (max 1 min.)

XURADO

O xurado encargado de cualificar os traballos presentados estará formado como segue:

- Presidente: subdelegado do Goberno en Ourense.
- Vicepresidente: secretario xeral da Subdelegación do Goberno.
- Vogais.



- Secretaria/o (con voz pero sen voto).

CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS TRABALLOS

Para cualificar os traballos, o xurado terá en conta, entre outros, os seguintes puntos:

- Que o traballo presentado se axuste a temática con clara referencia ao **Artigo 47** da Constitución

De non respectarse este punto o traballo non será cualificado.

- Orixinalidade; no caso das fotografías resaltar que a autoría debe ser propia, non podendo ser utilizadas outras fotografías ou imaxes non orixinais, quedando esta Subdelegación do Goberno eximida de toda responsabilidade se se incumprira este termo.

PREMIOS

A).- Categoría de debuxo: Un exemplar da Constitución e un agasallo.

B).- Categoría fotográfica/vídeo: Un exemplar da Constitución e un bono cultural ou tecnolóxico por valor de 400 €, para gastar en establecementos adheridos ao bono cultural do Goberno e que teñan tenda física na provincia.

ENTREGA DE PREMIOS

Os premios serán entregados no transcurso dun acto institucional, que terá lugar no Auditorio Municipal o día 6 de decembro para conmemorar a festividade da Constitución.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballos presentaranse na Subdelegación de Goberno de Ourense **antes das 14 horas do día 15 de novembro, venres.**



DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Tódas/os participantes comprométense a acatar as presentes normas así como o fallo do xurado cualificador.

A participación neste concurso leva implícito por parte dos centros escolares e do alumnado participante, o consentimento para que a Subdelegación do Goberno poida publicar imaxes das/dos gañadoras/es durante as diferentes actividades englobadas no contexto do propio concurso, tales como o acto institucional de entrega de premios ou a difusión do mesmo.